



Propostas da CI G ante as reformas das prestacións e subsidio por desemprego



Confederación Intersindical Galega

1.- Introducción

Na análise e valoración sobre os anuncios que o Goberno español está a facer sobre as reformas nas prestacións e subsidios por desemprego, temos que comezar por advertir que estamos ante unha novas das moitas exixencias impostas para acceder a novos pagamentos dos fondos Next Generation, compoñente 23 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR).

Desde un principio, a CIG advertimos que o acceso a estes fondos europeos estaba hipotecando o noso futuro, xa que están condicionados a executar medidas, baixo a forma de reformas, que constitúen un auténtico plan de axuste, de novos recortes de dereitos que se suman aos aprobados no seu día polo PP e que, a día de hoxe, seguen vixentes porque este Goberno non os derogou.

Nesta ocasión a clase traballadora imos camiño de que se nos impoñan un recorte nas prestacións e subsidios por desemprego. Non responde á necesidade de dotarse dun marco estratéxico que corrixa as inxustizas, disfuncións e a ineficacia do sistema económico e laboral. Estamos ante o complemento á Lei 3/2023 de Emprego, publicada no BOE o 1 de marzo de 2023, e que segue sen dar resposta aos problemas de emprego, nin solución aos problemas de ineficacia das Políticas Activas de Emprego actuais e non prepara as Políticas de Emprego para os novos retos do emprego e do mercado de traballo.

Con esta Lei de Emprego, o SEPE, afectándolle tamén o proceso de privatización dos servizos públicos, é transformado nunha Axencia Estatal, asumindo competencias propias das Comunidades Autónomas, desprazado das súas funcións, pasando a ter un papel residual como intermediador laboral ante o potenciamento das ETT e das axencias privadas de colocación.

Polo tanto, sen caer nas trampas da pantomima das liortas entre os Ministerios de Economía e Traballo sobre os contidos da reforma, como tampouco nas ameazas, máis ou menos explícitas, sobre a urxencia de completar esta reforma para conseguir o desbloqueo pola UE do cuarto pagamento dos Next Generation, a verdade é que non se vai na dirección de mellorar o acceso, duración e contías das prestacións por desemprego para as persoas traballadoras.

Os anuncios de reforma nas prestacións por desemprego vai pechando o completo programa de reformas que se vén sumar á última reforma laboral, á da FP, a das pensións e a implantación dos plans de emprego de pensións.

Cómpre chamar a atención acerca da importancia que debe ter o aumento da protección dos dereitos das persoas traballadoras, especialmente as desempregadas. É tan urxente e necesario canto maior é o medre dunha realidade laboral cada vez máis marcada pola precariedade, que segue avanzando coa última reforma laboral, estendéndose os baixos salarios e a inestabilidade laboral. O abuso na contratación fixa discontinua, na de tempo parcial, no papel das ETT, na aplicación dos ERTE permanentes ante as facilidades que permite a lexislación laboral, etc. Todo isto está levando a máis sectores da clase traballadora á pobreza laboral, a que ter traballo non garanta ter uns mínimos ingresos cos que poder vivir dignamente.

A importancia do aumento da protección dos dereitos das persoas traballadoras ten relación directa cos efectos do cambio no tecido produtivo e no mundo do traballo pola descarbonización e o forte impacto da implantación das novas tecnoloxías na economía, no que se intensifica o proceso de valorización do capital mentres que se desvaloriza o traballo, aumentando o risco dun elevado e estrutural desemprego, emigración e aumento da exclusión social e da desigualdade.

Estamos nun fenómeno conscientemente deseñado polo capital para gañar máis á conta de ter un maior exército de man de obra barata, que viva da enorme incerteza do seu futuro, en continua rotación entre o desemprego-emplego precario-desemprego.

Un deseño que se complementa forzando os gobernos a aprobación de permanentes reformas laborais que desmantelan, desregulan e flexibilizan os dereitos e as condicións laborais, estendendo os baixos salarios e fomentando unha menor protección social.

Así, deste xeito, as empresas transfiren ao sector público os custos sociais de toda esta situación de empobrecemento e precariedade xeneralizada pola extensión da contratación par-

cial e fixa descontinua, ao tempo que se dificulta o acceso, a duración e as contías das prestacións por desemprego. No seu lugar, apróbanse programas públicos que nunca chegan a ser o recoñecemento dunha auténtica rede de dereitos sociais, conformando, máis ben, programas de

actuación máis propias da beneficencia e baixo a permanente ameaza de seren recortados.

A acción dos gobernos e da política laboral debe superar a submisión aos principios neoliberais e a que o economicismo dite a regulación e aplicación dos dereitos sociais.

2.- Propostas para unha protección e dereitos sociais dignos e xustos

Por todo o anterior, cómpre a aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restitúa os dereitos perdidos e favoreza novos dereitos e regulacións que nos fortalezan como clase traballadora ante as máis habituais e prolongadas crises, así como ante as novas formas de explotación, aumento da precariedade e do desemprego.

Cómpre un cambio radical na políticas para crear emprego digno, estábel, con dereitos favorecendo a repartición do traballo, reducindo a xornada laboral semanal, xa que os avances tecnolóxicos fan posíbel producir moito máis con menos horas de traballo e xerar máis riqueza social.

Polo tanto, velaí as nosas principais propostas:

- Recuperación do papel dos servizos públicos de emprego que garanta o desenvolvemento das actuacións públicas dirixidas a favorecer un funcionamento a que mellore a empregabilidade do conxunto da poboación activa e a inserción da poboación desempregada. Para isto, cómpre a dotación orzamentaria suficiente, para dispor dos recursos, ferramentas e capital humano para poder realizar unha intermediación efectiva. Así mesmo, cómpre a derogación das previsións contempladas na Lei 3/2023 de Emprego que permiten a privatizacións dalgunhas accións das políticas activas de emprego e nas materias asociadas.
- Transferencia a Galiza de todas as competencias pendentes para poder exercer todas as funcións en materia de xestión do traballo, o emprego, formación e recoñecemento de prestacións. Transferencia íntegra da formación para o emprego a Galiza e rescate público do sistema de formación para o emprego.
- Mellorar o investimento público nos servizos públicos de colocación para que poidan desenvolver axeitadamente o seu labor. Supresión

das ETT e das axencias privadas de colocación na intermediación laboral.

- Estabelecemento no ano 2024 do importe do salario mínimo interprofesional (SMI) en 1.253€, en cumprimento da Carta Social Europea, fixando por lei que o salario mínimo interprofesional debe ser o 60% do salario medio do Estado español, conforme o método de cálculo utilizado polo Comité Europeo de Dereitos Sociais e os módulos salariais que publica a Axencia Tributaria. Cada ano, con base nestes métodos de cálculo, será actualizado para garantir en todo momento o 60% da Carta Social Europea.
- Derogación do Decreto Lei 3/2004 e do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) recuperando o SMI como único indicador público de referencia do nivel de renda para determinar as contías de calquera tipo de prestación ou servizo público.
- Mellorar as contías das prestacións contributivas por desemprego, de xeito que nos primeiros 180 días de prestación se cobre o 75% da base reguladora e a partir do 181, o 65% desta mesma base. En ningún caso, a prestación por desemprego poderá ser inferior ao SMI.
- Mellorar as contías do subsidio por desemprego, de xeito que durante a súa duración nunca chegue a ser inferior ao SMI.
- No caso de ser persoas traballadoras fixas descontinuas, o dereito ao subsidio por desemprego non exixirá de requisitos previos de tempo mínimo cotizado para acceder a este. e a súa duración será en calquera caso, como mínimo, de 6 meses.
- Aprobación dunha Renda de Inserción Laboral e Social, en substitución do IMV (ingreso mínimo vital) e da RAI (renda activa de inserción), na contía do SMI, para as persoas maiores de

18 anos que non cobren ningún tipo de prestación económica, acompañada do seguimento dun itinerario persoal de orientación e formación profesional até a consecución dun posto de traballo no tempo máis breve posíbel.

- Aprobación dunhas novas táboas na cotización no concepto desemprego que as empresas teñen que pagar de xeito que o tipo xeral do 5,50 só sexa aplicábel á contratación indefinida a tempo completo, pasando a ser do 6,70 para o resto da contratación indefinida a

tempo parcial e fixa discontinua. Á súa vez, o tipo actual do 6,70 para a contratación de duración determinada a tempo completo e parcial pasará a ser do 7,00. O tipo de cotización ao desemprego das persoas traballadoras contratadas de xeito temporal pasará a ser do 1,55, sexa cal sexa a duración e xornada de contrato, non a actual do 1,60.

As empresas que apliquen un ERTE de duración igual ou superior a 12 meses, deberán pagar o 6,00 durante os meses de vixencia deste.

Galiza, 15 de decembro de 2023



Confederación Intersindical Galega